

O Camiño Portugués É XOVE

XACOBEOXOVE

CONSIGUE O TEU DESCONTO
DE 200 € PARA FACER
O CAMIÑO DE SANTIAGO.*

*Consulta condicións en xacobeoxove.com

O CAMIÑO PORTUGUÉS

Descubre o **Camiño Portugués!** Esta ruta Xacobeá é diferente a tódalas demais. Non atoparás mesetas, terreos elevados difíciles nin pendentes pronunciadas, senón bosques e cruceiros milenarios que gardan no seu seo as cancións dos antigos trovadores da alta Idade Media e as cancións de amigo, amor e maldición de Martín Códax e Mendiño. Se te aventuras por primeira vez a facer o **Camiño de Santiago** e careces de experiencia previa, consulta as redes sociais de **@xuventudegalicia** e anota todos os tips e consellos que temos preparados para ti.

Neste ebook atoparás:

O teu camiño

As nosas recomendacións

A túa experiencia





Tui - O Porriño
Dificultade Media 18,7 km



O Porriño - Redondela
Dificultade Media 15,2 km



Redondela - Pontevedra
Dificultade Media 18,2 km



Pontevedra - Caldas de Reis
Dificultade Baixa 23 km



Caldas de Reis - Padrón
Dificultade Media 18,5 km



Padrón - Santiago de Compostela
Dificultade Media 25,2 km



Tui - Porriño

Aquí comeza a túa primeira etapa do Camiño Portugués en Galicia. O teu percorrido empeza cun descenso cara ó Río Miño e continúa ao longo da súa beira, ofrecendo unha paisaxe idílica. Na túa ruta, tamén atoparás viñedos e exuberantes bosques.

Desde hai dous anos, podes optar por unha ruta alternativa que só aumenta en 500 metros a distancia total do percorrido, co propósito de evitar atravesar un polígono industrial.

Que ver?

Capela da Virxe do Camiño, Gándaras de Budiño, Ponte de San Telmo, Capela de Santa María, Fonte de Cristo.

Que comer?

Anguía, Lampreas, Delicias das Monxas do Convento das Clarisas, Pan de Porriño, Callos, Mel.



O Porriño - Redondela

Nesta etapa terás que prestar especial atención a tódolos cruces da N-550 e ós tramos pola beiravía. Este percorrido está marcado pola ausencia de grandes desniveis, aínda que toparás cunha subida de aproximadamente 3 km, cun desnivel acumulado de 145 metros. O teu esforzo será recompensado con paisaxes fermosas que atoparás ao chegar a Redondela.

Que ver?

Igrexa de Santa María de Guizán, Pazo dos Marqueses de Mos, Convento de Vilavella, Casa da Torre, Xardíns Alameda.

Que comer?

O choco é o produto estrela de Redondela.



Redondela - Pontevedra

Nesta etapa seguirás de preto a Ría de Vigo, que poderás albiscala desde varios puntos do teu percorrido. Trátase dunha etapa curta e maioritariamente con terreo chaira. Tras 19 km de andaina chegarás a Pontevedra. Alí poderás gozar do seu patrimonio histórico que é o segundo máis importante de Galicia despois do de Santiago de Compostela.

Que ver?

Ponte Romana de Pontesampaio, Castelo de Soutomaior, Praza da Peregrina, Igrexa de San Francisco, Capela do Nazareno.

Que comer?

Doce de follado con recheo de améndoa, Ostras, Mexillóns, Ameixas, Zamburiñas e peixe.



Pontevedra - Caldas de Reis

Tras despedirte da Igrexa da Virxe Peregrina (un dos monumentos máis emblemáticos da cidade de Pontevedra), comezará a túa andaina por un percorrido a través de numerosos pobos e aldeas típicas da contorna rural galega.

Que ver?

Igrexa de Santo André de César, Igrexa de Santa Mariña, Igrexa de Santo Tomás Becket, Fonte das Burgas e a Ponte de Segade.

Que comer?

Peixes e mariscos, Troitas e anguías, Pan de millo, Carnes de caza, Empanadas e Viños D.O. Rías Baixas.



Caldas de Reis - Padrón

O teu percorrido comezará cun breve tramo pola N-550. Despois toparaste cunha senda rural de aproximadamente 5 km sen ningún tipo de servizo. Nesta etapa farás o cambio da provincia de Pontevedra á da Coruña. O teu destino final está cada vez máis preto.

Que ver?

Igrexa de Santa María de Herbón, Convento de Santo Antonio, Igrexa de Santiago, Ponte de Santiago, Casa de Rosalía de Castro.

Que comer?

Pementos de Padrón, Lamprea, Polbo á galega, Queixo de tetilla, Mazá autóctona e Torta de améndoa con xema de ovo.



Padrón - Santiago de Compostela

Nesta última etapa xa poderás albiscar Santiago de Compostela. Durante o teu percorrido, alcanzarás a cidade do Apóstolo despois de completar os 25 km da túa andaina. Antes de chegar, atravesarás as aldeas que percorreron os discípulos de Santiago ao levar os seus restos á capital galega.

Agora si, obxectivo conseguido, peregrino!

Que ver?

Monte do Gozo, Praza do Obradoiro, Catedral de Santiago de Compostela, Mercado de Abastos, Hostal dos Reis Católicos.

Que comer?

Peixes e mariscos, Polbo á feira, Tenreira galega, Lacón con grelos, Cocido galego, Caldo, Tarta de Santiago, Viño D.O. Ribeira Sacra, Valdeorras, Rías Baixas, Ribeiro e Monterrei, Licores: Aguardente, herbas e café, Queimada.



O teu camiño

As nosas recomendacións

A túa experiencia

Experiencias Camiño Portugués

Tes entre 18 e 30 anos e tes o Carné Xove activado?

O programa Xacobeo Xove axúdache con 200 € para vivir unha experiencia inesquecible ao longo das Rutas Xacobeas. Esta iniciativa artículase a través das axencias de viaxe galegas, que serán as encargadas de comercializar a experiencia do Camiño de Santiago á mocidade.

Descubre aquí todas as experiencias dispoñibles do Camiño Portugués.



Xacobeo Xove - Camiño Portugués desde Tui (6 etapas)
Axencia: Viajes Camino De Santiago



Camiño Portugués
Axencia: Vientoaparente



Camiño Portugués / Tui – Santiago de Compostela
Axencia: Circuitos Galicia Viajes



O Camiño Portugués desde a fronteiriza vila de Tui
Axencia: Proguías



O Camiño Portugués dende Tui
Axencia: Galiwonders



Camiño Xacobeo Xove a túa medida
Axencia: Experiencias del Destino

Para máis información,
consulta a web
xacobeoxove.com

